



Asunto: Uso de teléfonos móbiles e outros

Dirixido: Alumnado e Familias CPI do Feal.

Juan Carlos Bedia Vidal, director do CPI do Feal, informa:

En xuntanza do Consello Escolar do luns 24 de 2022, foi modificado o NOF (normas de organización e funcionamento), no apartado 9.9.5, referido ao "uso de teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos (mp3, cámaras de fotos e vídeo, auriculares, smartwatches etc.)", quedando redactado como segue:

a) O uso de teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos non está permitido dentro do edificio do CPI do Feal. Esta norma afecta a todos os membros da Comunidade Educativa (alumnos/as, profesores/as, persoal laboral do Centro e pais/nais), agás nos seguintes espazos: Oficina de Administración, Dirección e Xefatura de Estudos, Sala do Profesorado e Conserxería.

Os teléfonos e demais aparellos deberán estar apagados e fóra da vista, é dicir, gardados nas súas mochilas, nos petos ou nas caixas que se coloquen nalgunhas aulas enriba da mesa do profesor, co fin de depositalos nelas ao principio da clase e recollelos ao rematar a mesma. O feito de ter o teléfono móbil á vista, poderá ser motivo de sanción. A norma é vixente durante toda a xornada lectiva (incluídos cambios de clases, desprazamentos, comedor etc).

Como excepción contemplase que algún alumno necesite ter o telefono activo por algunha causa excepcional (problema médico ou outros debidamente xustificado), situación que deberá solicitar por escrito á dirección do centro.

b) Fóra do edificio, igual que dentro, os teléfonos deberán estar apagados e fóra da vista durante toda a xornada lectiva (incluído o comedor escolar). Contemplándose a mesma excepción que no punto anterior.

c) O Centro Escolar non se responsabiliza no caso de perda, roubo ou deterioro de calquera destes aparellos, tanto se o incidente ocorre no autobús escolar, no Centro ou en actividades Complementarias ou Extraescolares.

d) O profesor/a da materia poderá autorizar o uso do teléfono móbil ou outros aparellos en determinadas sesións lectivas e sempre con fins pedagóxicos. Neste caso, os alumnos deberán estar en todo momento baixo a supervisión directa do profesor/a correspondente. Non se poderá permitir o uso do móbil para escoitar música na aula ou como modo de entretemento.

e) No caso de uso indebido do teléfono móbil ou outros aparellos electrónicos, o profesor/a poderá sancionar ao alumno/a coa retirada do mesmo, seguindo o seguinte protocolo:

- Retirada do teléfono móbil ou aparello electrónico (ordenador, cámara, etc.) que será custodiado pola dirección do centro, e entregado a familia do alumno/a.

- Como xa consta no apartado de normas de convivencia, o incumprimento da normativa de uso do teléfono móbil e outros aparellos electrónicos, constitúen unha falta leve.

En Ed. Primaria, os alumnos teñen prohibido traer o teléfono móbil ao centro. Os profesores e coidadores de Ed. Infantil e Primaria, poderán, tendo en conta as especiais características desta etapa, utilizar o teléfono móbil para contactar cós pais dos alumnos ou para atender puntualmente chamadas de carácter urgente.

A nova norma, será de aplicación a partir do mércores 2 de novembro.

Atentamente.

O director.

Juan Carlos Bedia Vidal.

